



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**Lugar:** casa do concello

**Data:** 11 de novembro de 2015

**Hora de comezo:** 20.30 horas

**Hora de remate:** 23.30 horas

### **ASISTENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato  
Don Manuel Fernández Munín  
Dona María del Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Dona Ana María Seijo Mosquera  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Don Alejandro Bermúdez Devesa  
Don Xabier Canabal Fernández  
Dona María del Carmen Soutullo Carolo  
Don Perfecto Barcala Mosquera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Xestión directa do servizo de abastecemento de auga e subrogación de persoal**
- 3. Delegación definitiva do servizo de control financeiro na Deputación Provincial da Coruña**
- 4. Expropiación finca depuradora de Loureda**
- 5. Asignación grupos políticos**
- 6. Aboamento do 26,23 % da paga extraordinaria decembro 2012**

- 7. Moción número 15/2069 do PP e 15/2116 da agrupación veciñ@s de Boqueixón.**
- 8. Información da alcaldía**
- 9. Rogos e Preguntas.**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

O señor Canabal di que antes de comezar con esta sesión quixeramos manifestar a nosa máxima repulsa e condena ante os numerosos crimes por violencia de xénero que se están dando nos últimos meses.

Do mesmo xeito tamén queremos lamentar e condenar a actitude do Partido Popular co caso de Xosé Manuel Baltar en Ourense.

En canto á acta anterior, non temos ningunha observación que facer.

Sen máis, cos votos a favor de todos os presentes neste momento na sesión, apróbase a acta da sesión plenaria que tivo lugar o 9 de setembro de 2015.

### **2.Xestión directa do servizo de abastecemento de auga e subrogación de persoal**

Neste intre cando son as 20.35 h. entra no salón de plenos, a concelleira dona Ana María Seijo Mosquera.

No Pleno realizado o día 13 de maio, acordouse non prorrogar o contrato de concesión de explotación do servizo de abastecemento de auga potable do municipio de Boqueixón coa empresa Espina y Delfín, SL. No mesmo acordo, solicitábaselle á empresa que continuara co servizo ata a nova adxudicación do contrato, no seu caso.

A día de hoxe, e despois das oportunas valoracións, tomouse a decisión de xestionar directamente o servizo e non adxudicarllo a ningunha empresa. Polo tanto, teñen que iniciarse unha serie de actuacións para levar a cabo con corrección tódolos traballos e actividades que se precisen para unha correcta xestión do servizo.

Unha desas actuacións sería a de subrogar ó operario que se dedica exclusivamente e a tempo completo ós traballos do servizo de abastecemento que a empresa Espina y Delfín, SL ten contratado para o efecto, ó coñecer en profundidade tódalas funcións e tarefas precisas para que as depuradoras e o servizo en xeral funcione correctamente. As condicións económicas serán as mesmas que as que ten en contrato coa súa empresa e dita subrogación será realizada de acordo coa lexislación perceptiva.

Consta no expediente o estudo económico de data 28 de outubro de 2015, elaborado polo concelleiro de servizos xerais, seguridade e medio ambiente do cal se deduce que a xestión directa do servizo de abastecemento polo concello de Boqueixón é viable.

Consta, así mesmo o informe de Secretaria-Intervención de data 30 de outubro de 2015 relativo ao procedemento para a municipalización e á subrogación de persoal.

Segue dicindo o señor alcalde que se acorda xestionar directamente o servizo de abastecemento e dar un prazo dun ano (aproximadamente) para comprobar se é viable porque en principio será bastante custoso poñelo en funcionamento.

Por outro lado, dáse tempo a que saia a sentenza do xulgado que dirima quen debe asumir os custos da enerxía eléctrica e se procede a nova contratación ou xestión directa.

O custo enerxético é moi elevado, porque a depuradora de bombeo está a gran altura pero tamén, debido a isto, a capacidade é ampla e non hai problemas para abastecer a todo o concello.

Ademais o concello conta con 135 quilómetros de tubaxes . Somos conscientes (segue dicindo o alcalde) de que é un reto difícil, pero tamén sabemos que é importante clasificar todos os datos do servizo para así poder efectuar un estudo económico realista, posto que nestes momentos só nos podemos basear en datos subministrados pola concesionaria.

Consta no expediente o citado estudo económico e tamén o informe favorable de secretaría – intervención .

É verdade, que determinados capítulos do estudo económico reflicten cifras á baixa porque evidentemente haberá que facer provisión de materiais, pero trátase dunha provisión.

Máis adiante, contaremos con datos máis reais.

As taxas do servizo, conxeláronse para o ano 2016, por un lado para comprobar os resultados derivados da prestación directa e por outro porque en comparativa cos concellos limítrofes, son as máis baixas.

A nosa finalidade, é seguir prestando o servizo en boas condicións.

O señor Canabal di que lle chama a atención a extensa exposición do señor alcalde o cal agradece e que o seu grupo vota a favor e que de feito xa se recollía no seu programa electoral.

Segue dicindo o señor Canabal que “Anunciamos de antemán o noso voto a favor.

Dicir que este era un dos puntos programáticos de Veciñ@s para o presente mandato.

Textualmente dicíamos:

*“Recuperarmos os servizos públicos en mans das empresas para os veciños: Veciños de Boqueixón proponse como obxectivo prestar de xeito directo todos os servizos posibles. Unha completa rede de servizos xestionados dende o concello, como son o abastecemento e saneamento, servizo de axuda a domicilio, urbanismo... abaratará a prestación destes servizos privatizados, podendo investir na mellora dos propios servizos.”*

É dicir, propomos a remunicipalización de varios servizos cun dobre obxectivo:

- Tentar abaratar os custos de xestión.
- Tentar abaratar taxas e prezos públicos.

O que si, antes de analizar a proposta quixeramos saber cal foi o cambio que se produciu no equipo de goberno para decidirse ao final pola remunicipalización do servizo de abastecemento de auga.

(Sorprende esta decisión, toda vez que este punto era innegociable nas diversas conversas sobre o tema da auga que temos mantido neste concello. Mesmamente o actual concelleiro de Servizos Xerais e Medio Ambiente ten manifestado a súa predilección pola externalización de servizos, e concretamente do servizo da auga, ao igual que o propio Alcalde. Precisamente foi este un dos puntos polos que se nos excluíu das conversas entre os concelleiros e a empresa ao inicio do actual mandato. A de non acceder pola nosa parte a unha externalización deste servizo que daquela estimaran en 15 anos).

Por outro lado, e outras das patas do servizo de abastecemento de auga que nos preocupa é a dos excesiva taxa que se cobra aos veciños polo que posteriormente faremos a solicitude para a súa redución.

#### Estrutura do Acordo Plenario:

Este ten dúas ideas:

- A Xestión directa do servizo de abastecemento de auga.
- A Subrogación do persoal.

En canto á xestión directa do servizo de abastecemento de auga, segundo o informe da secretaría deste concello, é necesario unha memoria acreditativa da viabilidade da xestión directa, memoria que foi asinada polo concelleiro de Servizos Xerais e Medio Ambiente.

Nesta memoria faise unha relación valoradas de custos do servizo, distinguindo entre os custos fixos e custos variables:

EP	GASTOS	TOTAL	BASE IMPONIBLE
<b>1</b>	<b>CUSTOS FIXOS</b>	<b>61.430,80 €</b>	<b>57.959,73 €</b>
1.1	Persoal	41.430,80 €	41.430,80 €
1.2	Conservación e mantemento	10.000,00 €	8.264,46€
1.3	Medios materiais, subministro e auxiliares	10.000,00 €	8.264,46 €
<b>2</b>	<b>CUSTOS VARIABLES</b>	<b>79.000,00 €</b>	<b>65.289,26 €</b>
2.1	Control calidade auga e análises químicas	4.000,00 €	3.305,79 €
2.2	Enerxía Eléctrica	75.000,00 €	61.983,47 €
	<b>TOTAL CUSTOS DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>140.430,80 €</b>	<b>123.248,98€</b>

Disto despréndense uns custos fixos do servizo de 123.248,98 € unha vez descontado o IVE, posto que é un IVE soportado polo servizo que se vai deducir.

Neste caso chama a atención os custos de persoal, ao que me referirei cando fale da subrogación, pero tamén chama a atención que nos custos variables aparece a enerxía eléctrica por valor de 75.000 € cando no 2013 foi de 83.265,66 € sendo no 2014 incluso superior.

En canto aos ingresos tamén chaman a atención algunhas cousas.

- Estímanse como ingresos anuais a cantidade de 167.341,32 €, tendo como previsións 1059 abonados.

- Tendo en conta a liquidación de 2014, os ingresos só acadan 140.115,10 € para un total de 1.022 abonados, tal e como recollo no cadro:

CONCEPTO	1T/2014	2T/2014	3T/2014	4T/2014	TOTAL ANO
ABONADOS DOMÉSTICOS	860	865	867	870	<b>866</b>
ABONADOS NON DOMÉSTICOS	157	159	155	155	<b>157</b>
<b>TOTAL ABONADOS</b>	<b>1.017</b>	<b>1.024</b>	<b>1.022</b>	<b>1.025</b>	<b>1.022</b>
M3 ABONADOS DOMÉSTICOS	25.711	31.235	36.454	23.660	<b>117.060</b>
M3 ABONADOS NON DOMÉSTICOS	10.545	9.767	12.721	12.987	<b>46.020</b>
<b>TOTAL M3 FACTURADOS</b>	<b>36.256</b>	<b>41.002</b>	<b>49.175</b>	<b>36.647</b>	<b>163.080</b>
COTA FIXA	14.777,67 €	14.859,97 €	14.816,22 €	14.866,2 €	<b>59.318,48 €</b>
TARIFA DOMÉSTICA	9.350,00 €	11.766,79 €	16.587,54 €	8.657,90 €	<b>46.362,23 €</b>
TARIFA NON DOMÉSTICA	6.419,99 €	5.628,68 €	6.540,13€	6.636,08 €	<b>25.224,88 €</b>
COTA DE MANTEMENTO	2.292,17 €	2.305,26 €	2.302,19 €	2.309,89 €	<b>9.209,51 €</b>
<b>TOTAL TARIFA</b>	<b>32.839,83 €</b>	<b>34.560,70 €</b>	<b>40.246,08 €</b>	<b>32.468,9 €</b>	<b>140.115,10 €</b>

- Incluso facendo unha previsión de máis abonados, ata os 1.059 como no estudo, a recadación apenas superaría os 145.000 € tal e como recolle o seguinte cadro.

CONCEPTO	TOTAL ANO 2014	PREV 1059
ABONADOS DOMÉSTICOS	866	888
ABONADOS NON DOMÉSTICOS	157	171
<b>TOTAL ABONADOS</b>	<b>1.022</b>	<b>1.059</b>
M3 ABONADOS DOMÉSTICOS	117.060	120.103
M3 ABONADOS NON DOMÉSTICOS	46.020	50.284
<b>TOTAL M3 FACTURADOS</b>	<b>163.080</b>	<b>170.387</b>
COTA FIXA	59.318,48 €	60.860,55 €
TARIFA DOMÉSTICA	46.362,23 €	47.567,49 €
TARIFA NON DOMÉSTICA	25.224,88 €	27.562,01 €
COTA DE MANTEMENTO	9.209,51 €	9.542,93 €
<b>TOTAL TARIFA</b>	<b>140.115,10 €</b>	<b>145.532,98 €</b>

Isto quere dicir que tampouco hai un cálculo conservador na elaboración do estudo, con independencia de que poidan faltar nestas previsións algunhas partidas (taxas de alta e taxas cobradas a outros concellos).

Agora ben, á vista do estudo económico financeiro realizado, temos que a xestión directa do servizo de abastecemento polo concello de Boqueixón é viable e excedentario.

#### Subrogación do Persoal

En canto á subrogación do persoal, tampouco nos imos opor, aínda que entendemos que estamos asumindo persoal público pola porta de atrás, é dicir, sen esixirse os principios de igualdade, de mérito e capacidade que serían esixibles en calquera contratación pública. De todos xeitos si consideramos razoable que se faga ao tratarse deste servizo e ao ter en conta tamén que a propia secretaria no seu informe recolle que é totalmente legal. Atendendo a este informe tamén imos dar o noso apoio á subrogación do persoal.

Chama a atención que só se diga que se subroga unha persoa e que no estudo económico se estimen uns custos laborais de 41.430,80 €, o que corresponde ou a máis de un traballador, ou a un traballador cunha nómina bruta mensual de máis de 2.584,26 €, o que si que resulta difícil de asumir.

CONCEPTOS	%	DÍA	MES	ANO
<b>BASE COTIZACIÓN</b>		<b>86,14 €</b>	<b>2.584,26 €</b>	<b>31.011,08 €</b>
<b>SEGURIDADE SOCIAL EMPRESA</b>	<b>33,60%</b>	<b>86,14 €</b>	<b>2.584,26 €</b>	<b>31.011,08 €</b>
CONTINXENCIAS COMÚNS	23,60%	20,33 €	609,88 €	7.318,51 €
IT e IMS	3,70%	3,19 €	95,62 €	1.147,41 €
DESEMPREGO	5,50%	4,74 €	142,13 €	1.705,61 €
FP	0,60%	0,52 €	15,51 €	186,07 €
FOGASA	0,20%	0,17 €	5,17 €	62,02 €
<b>TOTAL CUSTO SALARIAL</b>		<b>115,09 €</b>	<b>3.452,57 €</b>	<b>41.430,80€</b>

Polo tanto é un aspecto que debe quedar aclarado na toma en consideración deste punto. O dito, ata agora. Aceptamos a proposta, felicítamonos de que teñan dado o paso, e ven vostedes que a xestión directa é máis barata.

Agora só nos queda baixar as taxas posto que polo artigo 24.2 da LRFL, “*o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate*”.

Neste punto solicitamos á secretaría a que nun prazo razoable nos emita un informe.

Atendendo a este precepto e tendo en conta que o custo previsible da actividade ascende a 123.249,06 € e os ingresos que prevén a 167.341,32 €, estas taxas deberan baixar máis de 44.000 € anuais.

Implicación directa: Tendo en conta que o concello poñía en torno a 45.000 € para pagar os gastos enerxéticos podemos inferir que nestes últimos anos estivemos soportando un sobre custo no servizo en torno aos 90.000 euros/anuais.

Animamos pois a que sigan facendo estudos de custos dos servizos públicos, posto que caeran na conta de que a xestión directa é máis barata que a externalización de ditos servizos.

O señor alcalde di que se pretende dar maior claridade na prestación do servizo e por outro lado, tamén e certo que nunca houbo queixas contra a empresa. Que outra das razóns para municipalizar o servizo é a unanimidade para consensuar unha postura e esta conséguese coa xestión directa.

O señor Canabal di que a situación é a mesma pero agradecen a municipalización e que chama a atención a cegueira do equipo de goberno durante os once anos do contrato.

Segue dicindo o señor Canabal que as taxas son excesivas, non tanto nos consumos coma a cota fixa.

O señor alcalde di, en canto ao persoal que o seu custo posiblemente sexa máis elevado porque haberá máis persoal de apoio, porque haberá que facer gardas posto que o servizo debe ser atendido todos os días do ano. Sen embargo, só se subroga á persoa que presta o servizo a tempo completo e exclusivamente en Boqueixón, no servizo de abastecemento.

O señor Canabal di que a xestión directa sae máis barata.

Responde o señor alcalde que se verá dentro dun ano, aproximadamente. Que os datos do estudo económico serán confirmados ou non, dentro dun ano.

Que é un servizo caro, cuns custos enerxéticos elevados pero, precisamente por isto, é un servizo con capacidade para ser prestado en todo o municipio e incluso nos limítrofes tal como se ven facendo con Vedra, Vila de Cruces e Santiago. Que as taxas son das máis baixas e só basta con ver os BOP nos que saen publicadas as taxas de Touro, Vedra e Santiago entre outros. Que coa rede actual pódese prestar o servizo ata os lugares máis altos e mesmo nos casos extraordinarios que poidan xurdir e por último que as explotacións gandeiras, que son posiblemente as de maior consumo, teñen unha redución do 50%.

O señor Canabal di que anima ao equipo de goberno a que non sexa o último contrato que recuperen.

Sen máis procédese coa votación e por unanimidade acórdase:

1. Xestionar directamente o servizo de abastecemento de auga a partires do día 1/01/2016, e comunicarlle á empresa Espina y Delfín este acordo. A partires desta data a empresa entregará ó concello o padrón fiscal así como tódolos documentos que precise a administración para continuar coa xestión correcta do servizo. Así mesmo, o padrón correspondente ó terceiro trimestre do ano 2015, será xestionado pola empresa, inclusive o cobro dos impagados .

2. Comunicarlle á empresa Espina & Delfín SL e ó operario MRIR, que se dedica exclusivamente ó mantemento do servizo de abastecemento, a intención de subrogación deste traballador que polas tarefas que desempeña é necesario para a súa correcta xestión. Todo elo farase de acordo coa lexislación perceptiva para o efecto.

Termina o señor alcalde dicindo que son coñecedores e conscientes de que vai haber dificultades na xestión.

### **3.Delegación definitiva do servizo de control financeiro na Deputación Provincial da Coruña**

O 2 de xullo de 2015 no BOP número 123, o Pleno da Deputación Provincia da Coruña publica as bases para prestación de servizos de control financeiro nos concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia.

No pleno ordinario do concello de Boqueixón que tivo lugar o 9 de setembro de 2015 acordouse delegar na Deputación Provincial as competencias para a prestación dos servizos de control financeiro.

O 23 de setembro do 2015 no BOP número 182 publicouse o acordo provisional de delegación de competencias

Durante o período de exposición pública, prazo de 30 días hábiles, non se presentaron alegacións ó mesmo.

Polo exposto e tendo en conta que nas bases para prestar o servizo a concellos de menos de 5.000 habitantes, punto noveno apartado 3) sinálase que será necesario o acordo

definitivo do Pleno do concello delegante para elevar a definitivo o acordo provisional, de non presentarse alegacións, propónse ó pleno a aprobación definitiva.

O señor alcalde di que esta é unha das primeiras decisións que adopta este goberno e que este é un dos primeiros concellos en sumarse.

O señor Canabal di que no pasado pleno municipal o grupo de veciños abstívose na proposta da delegación dos servizos de control financeiro pola Deputación, argumentando que:

- Non negamos a axuda que poida prestarnos a Deputación.
- Porén, somos reticentes no control que están a exercer as Deputacións sobre os Concellos a través de multitude de formas, que non imos repetir, posto que están argumentadas no pleno pasado.

É por iso polo que imos manter o noso senso do voto, por esas reticencias que temos ás Deputacións por seren unhas institucións non democráticas e anacrónicas no actual marco institucional e escuras ao control cidadá.

Seguimos mantendo a nosa idea de eliminar as Deputacións, e establecer mecanismos eficaces de cooperación tanto coas institucións autonómicas como cos concellos da nosa contorna.

En concreto neste punto, avogamos polo establecemento de interventores compartidos entre varios concellos, pero que non sexa a deputación quen se faga cargo directamente destes servizos. Diciámolo no pleno pasado: *“O obxectivo real non é o de apoio aos concellos; o obxectivo do Estado é o de ir “engordando” esas Deputacións, institucións auténticamente anacrónicas nos tempos que corren, ir pouco a pouco chuchando as competencias dos concellos para posteriormente matalos por inanición.”*

Pois ben, nesta estratexia non nos van a atopar, a ningún dos membros de Veciñ@s. Defendemos a cooperación interinstitucional e entre concellos. Por iso aínda que non rexeitamos a axuda, tampouco compartimos esta delegación.

Co voto a favor do PP e coa abstención da Agrupación Veciñ@s acórdase:

**1.** Acordar definitivamente, por non presentarse alegacións no prazo establecido, a delegación na Deputación Provincial da Coruña das seguintes funcións:

- a. O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas en todos os exercicios pechados, iniciándose dito control sobre as pagadas a partir do 1 de xaneiro de 2012.
- b. A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados, dos informes do control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito Público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.
- c. A emisión de informes de control financeiro sobre os seguintes servizos públicos municipais, xestionados indirectamente :
  - contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeadado público de Boqueixón, adxudicado o 2 de novembro de 2012. Duración 4 anos.
  - contrato do servizo de axuda no fogar adxudicado o 27 de marzo de 2015. Duración 1 ano prorrogable por outro ano previo acordo do órgano de contratación.



-contrato de xestión do servizo de sumidoiros e das fosas sépticas e mini depuradoras de augas residuais. Adxudicado o 13 de xaneiro de 2010 por un período de 10 anos e posteriormente prorrogado( en sesión plenaria celebrada o 14 de marzo de 2012) ata o 2035.

-contrato de xestión do servizo de abastecemento de auga. Actualmente en trámite contencioso administrativo, o concello está iniciando os trámites para nova adxudicación e mentres tanto o servizo segue prestándose pola actual concesionaria.

2. Notificar o acordo definitivo á Deputación, mediante certificación.

#### **4.Expropiación finca depuradora de Loureda**

A Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o 3 de novembro de 2010, aprobou o proxecto de “saneamento en Loureda (1º fase)” cun presuposto de 455.030,62 €, así como solicitar a Augas de Galicia o financiamento do 100 % do custo das obras.

Posteriormente, a Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 22 de agosto de 2013, aprobou a modificación do proxecto así como o seu presuposto que agora ascende a 409.166,61 € que, así mesmo, se solicita o seu financiamento integro a Augas de Galicia.

Para executar estas obras, o concello debía dispoñer dunha parcela na cal se situaría a Depuradora, polo que, naquel momento acordouse con don Miguel xxxxx propietario da parcela nº 1 sita en Loureda, a situación da depuradora ocupando 383 m<sup>2</sup> e polos que se lle aboaría como máximo 6.000 €. Consecuentemente, no presuposto do ano 2014 consignouse o citado importe (6.000 €) na partida 161.000,00 con cargo aos fondos municipais.

Tendo en conta que as bases de execución do presuposto, permiten a incorporación dos créditos ao estado de gastos do exercicio seguinte, sempre que existan os suficientes recursos financeiros.

Tendo en conta, así mesmo, que a Lei 4/2015 de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, no seu artigo 72. apartado b/ establece que só será válida a división ou segregación de fincas de substitución nos seguintes casos:

b/ Cando se produza por causa de expropiación forzosa.

Proponse ó Pleno iniciar o expediente de expropiación.

Di o Sr. alcalde, que despois de moitas xestións chegouse a un acordo para busca dun espazo axeitado para situar a depuradora.

O Sr. Canabal di que dubida do inicio deste expediente porque, entre outros motivos, cando se aprobou o proxecto púxose a disposición os terreos.

Explicámonos:

- O proxecto de obra foi aprobado en xunta de goberno o 3 de setembro de 2010, modificado noutra xunta de goberno do ano 2013.
- Este proxecto foi integramente financiado por Augas de Galicia.
- Para a execución do proxecto, o concello debía dispor dunha parcela na cal se situaría a Depuradora.

- A obra foi executada durante o ano 2015 e incluso inaugurada (sen chamamento aos membros da corporación) en plena convocatoria electoral, como xa temos manifestado neste pleno.

Con todos estes antecedentes, chama a atención que no proxecto de obra se fale dun compromiso de ter os terreos para a depuradora, que se execute o proxecto, que se inaugure, e despois que se inicie o expediente de expropiación forzosa. Non sei se xuridicamente é posible, espero que a secretaría do Concello informe sobre este aspecto. O que si temos claro, é que dende o senso común, que debера rexer as actuacións do concello, non ten senso que se execute a obra, que se inaugure, e que despois se inicien os trámites para a expropiación de terreos. Non nos parece razoable.

Responde o Sr. alcalde que o que se fixo daquela foi asumir o compromiso de entrega dos terreos.

Neste punto e previa autorización do Sr. alcalde, a secretaria-interventora, di que efectivamente o proxecto definitivo aprobouse en agosto do 2013 e no presuposto 2014 prevíase a correspondente consignación presupostaria. Consignación que só se pode incorporar ao presuposto 2015.

Que por que non se fixo a adquisición no 2014, descoñéceo pero que agora coa nova Lei 4/2015 de 17 de xuño, debe efectuarse mediante a expropiación, aínda que se teña pactada a adquisición, tal como así se establece no artigo 25 do regulamento de expropiación, e por último que, para esta finalidade a obra debe ser declarada de utilidade pública ou de interese social, precisamente por tratarse dunha obra pública.

O Sr. Sanjuás di que hai autorización verbal do propietario.

O Sr. Canabal di que nunca viu facer algo así, pois non parece lóxico executar unha obra e logo expropiar.

Sen mais procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención da Agrupación Veciñ@s acórdase:

1. Iniciar o expediente de expropiación forzosa, de parte da finca propiedade de don Miguel xxxxx sita no lugar de Loureda na que se instalou a depuradora.
2. Aprobar a relación de bens e considerar definitiva, no caso de non presentarse reclamacións.
3. Declarar a obra descrita no proxecto aprobado o 22 de agosto 2013 de utilidade pública.
4. A finca afectada pola execución do proxecto é a seguinte:

Parcela nº	Propietario	Superficie expropiación	Estado	Clasificación Urbanística
1	Miguel xxxxx	383 M <sup>2</sup>	Libre de cargas	Solo rústico de protección agropecuaria

## 5. Asignación grupos políticos

De conformidade co artigo 73.3 da lei de bases proponse ao pleno a asignación, con cargo aos presupostos municipais, aos dous grupos políticos dunha dotación económica, tal como mais adiante se indica.

O señor Canabal di: “Imos anunciar de antemán o noso voto positivo a esta proposta, proposta que ten presentado o grupo municipal de Veciñ@s no pasado mes de xuño. E así que facemos un repaso aos 10 puntos desta proposta, para vermos o seu grao de cumprimento (ou incumprimento):

- En canto á transparencia e participación veciñal: Moi pouco se ten avanzado neste aspecto. Seguimos sen ter un regulamento de participación veciñal, non hai bolsa pública de emprego nin contratacións e estas seguen facéndose polo procedemento de negociado sen publicidade.
- En canto á remunicipalización dos servizos públicos: Comézase neste pleno coa remunicipalización do servizo de abastecemento de auga, o cal era, claramente ilegal. Veremos o que vai pasando neste servizo, posto que a segunda pata que manifestamos é a baixa da taxa da auga; e por outra banda seguir afondando en máis servizos municipais externalizados.
- En canto aos plenos ordinarios: Mantiñamos unha proposta da súa celebración mensual, o que nos permitiría a todos os concelleiros un seguimento máis pormenorizado do día a día do concello. Este aspecto parece que non se vai ter en conta.
- Constitución da Xunta de Goberno: Tampouco neste aspecto se tivo en conta a proposta de Veciñ@s.
- En canto á contratación: Xa se dixo. Segue a aplicarse o procedemento negociado sen publicidade, co que estamos abertamente en contra, porque non é nen moito menos transparente.
- Locais aos Grupos Municipais: É un aspecto contemplado tamén na lexislación básica de réxime local, polo que seguiremos insistindo.
- Acceso ao expediente e información municipal: Neste aspecto temos que dicir que si foi aceptada a proposta de Veciñ@s.
- Retribucións individuais e asignación a grupos: Neste aspecto se ben non se baixaron as dietas individuais que vimos percibindo @s concelleir@s, co acordo deste pleno, respéctase a petición que tiñamos de asignación a grupos.
- Retribucións aos concelleiros delegados: Este aspecto foi tido en conta no pleno de estrutura deste concello.
- Dedicación exclusiva: Neste aspecto para nada se tivo en conta os nosos criterios que eran dunha dedicación única e cun salario que non superara os 3,5 SMI anuais. As dedicacións foron dúas e os salarios, máis altos que estes 3,5 SMI.

En fin, existen claramente bastantes sombras na xestión destes primeiros meses como dixemos, sobre todo en materia de persoal eventual e contratacións pola porta de atrás, o cal nos preocupa, posto que a forma de actuar dos primeiros meses de mandato dista moito non só das propostas e compromisos que tiña adquirido Veciñ@s, senón tamén do propio programa electoral do PP. Seguiremos pois insistindo nestas cuestións.

Mais no que represente algún avance, sen problemas traballaremos conxuntamente co goberno.

Neste punto, ambos grupos políticos debaten sobre os procedementos da contratación, se procede ou non o procedemento negociado sen publicidade, se debería haber bolsas de contratación, etcétera, que en realidade en nada se relacionan con este punto da orde do día.

Finalmente procédese coa votación e por unanimidade acórdase:

Asignar aos dous grupos políticos da corporación os seguintes importes:

1. Unha dotación económica trimestral fixa de 50 € por grupo político, (total 400 €/ano).
2. Unha dotación económica de 2.255 €/ano ao grupo do PP municipal.
3. Unha dotación económica de 845 €/ano ao Grupo Municipal Veciñ@s de Boqueixón.
4. Esta asignación soamente poderase utilizar para gastos de funcionamento do grupo, como son os gastos de papelería, material de oficina, comunicacións, desprazamentos etc... O grupo receptor da dotación económica está obrigado a levar unha contabilidade específica e a render contas do seu emprego á intervención municipal anualmente, antes do devengo da nova percepción, e ao pleno cando este o requira.

## **6.Aboamento do 26,23 % da paga extraordinaria decembro 2012**

No pleno realizado o 14 de novembro de 2012 (modificado no pleno 21/12/2012) acordouse inmovilizar o crédito previsto para o aboamento da paga extra de decembro 2012 por importe de 39.992,31 euros.

Acordo adoptado en cumprimento do establecido polo Real Decreto Lei 20/2012 de medidas para garantir a estabilidade presupostaria.

No pleno realizado o 14 de maio de 2014, acordouse dispoñer do importe de 10.018,24 euros do total inmovilizado e proceder co aboamento da parte proporcional da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012, polo período de 1 de xuño ao 14 de xullo de 2012.

No BOE de data 12/09/2015 saíu publicado o Real Decreto-Lei 10/2015 de 11 de setembro, o que no seu artigo 1 uno regula a recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público, cuxo importe será o equivalente a 48 días ou o 26,23 % dos importes deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria.

O Sr. Canabal di que tiña manifestado no pleno de 14 de novembro de 2012 *“Vaia por diante que non estou nin estarei de acordo co Real Decreto – Lei 20/2012 polo cal o Goberno Central rouba a paga extraordinaria aos funcionarios e traballadores públicos.”*

Pola contra o grupo popular, facendo seguidismo desas regulacións claramente inxustas e lesivas para a xente do común, votou a favor de retirar estas pagas extraordinarias, e agora, sumándose a unha campaña claramente electoralista, propón a súa devolución, mais faino por fases, é dicir, en función do calendario electoral.

- A primeira devolución foi en maio de 2014, xusto antes das eleccións europeas.
- Agora, e xusto antes das eleccións estatais, proponse a recuperación doutra parte.
- E a terceira parte quedará para as eleccións autonómicas.

En fin, se non estamos de acordo coas disposicións do goberno de España polas que quita ou rouba a paga extra aos traballadores públicos, resulta realmente vomitivo que

se empregue agora a devolución con tinguiduras claramente electoralistas, o que me parece un insulto aos propios prexudicados.

De todas formas xa os funcionarios e traballadores públicos ao igual que a xente do común sabemos como o PP dismantelou, ou cando menos tentou, os servizos públicos básicos. Tamén sabemos en que consisten as externalizacións e privatizacións. En servir estes servizos públicos a empresas amigas a cambio de presuntamente suculentas mordidas e a cambio dunha perda de calidade na súa prestación.

Sen máis coa abstención da Agrupación Veciñ@s e cos votos a favor do PP acórdase:

1. Dispoñer do importe de 10.750,06 euros (dez mil setecentos cincuenta euros con seis céntimos) do total inmovilizado na sesión plenaria celebrada o 21/12/2012.
2. Con este importe proceder co aboamento da parte proporcional extraordinaria do mes de decembro 2012, polo importe equivalente ao 26,23 % do importe deixado de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria.

## **7.Moción número 15/2069 do PP e 15/2116 da agrupación veciñ@s de Boqueixón.**

### A) Moción número 15/2069 do PP

Don Jesús Sanjuás Mera, abaixo asinante, como portavoz do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte moción para a promoción do leite galego no noso concello.

### Exposición de Motivos

O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.

Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca “Galega 100%”, que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade completarase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de Galega 100%” para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.

Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Santiago de Compostela, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propono ao Pleno do Concello de Boqueixón a aprobación dos seguintes acordos:

1. Solicitar á Consellería do Medio Rural a adhesión do concello de Boqueixón á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.
2. Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.
3. Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:
  - a) difusión da campaña publicitaria de “Galega 100%”
  - b) accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite “Galega 100%” e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a “Galega 100%”
  - c) accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galega 100%”
  - d) medidas de entrega de leite “Galega 100%” nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste concello/provincia.
4. Solicitar a Deputación da Coruña que elabore un plan de apoio o sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello de Boqueixón en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural Boqueixón.

A señora Soutullo di que van a votar a favor desta moción “Xa que nós tamén estamos de acordo na promoción do leite galego, pero non só niso senón na defensa de todo o noso sector agro - gandeiro e forestal . Foi por iso que xa fomos nós os que trouxemos o Pleno unha moción en defensa do sector lácteo .

Fágolle algúns apuntamentos :

- Galicia non é excedentaria na produción de leite, o que pasa e que os gobernos deberían priorizar as nosas industrias é ao sector antes de importar o leite doutras zonas, como se estaba a facer ata o de agora. Esperemos que isto cambie.
- Estamos de acordo en que a calidade do noso leite é excepcional e que este se debe promocionar e incentivar o seu consumo. Pero con iso só non basta , é importante incidir na defensa dun prezo xusto e estable en orixe para os nosos gandeiros que son os verdadeiros afectados pola crise do sector lácteo.
- Temos que favorecer aos nosos agricultores e gandeiros con medidas positivas, non aumentándolles, como se esta a facer, o IBI sobre as terras, establos, alpendres...

O señor alcalde di que están de acordo coa moción e que concretamente en Boqueixón hai casos que sufriron estes baixos prezos, e que todo o que se poida facer por mellorar, farase.

Por unanimidade apróbase esta moción número 15/2069, sobre a promoción do leite galego no concello, presentado polo grupo municipal do PP.

## B) Moción número 15/2116 da Agrupación Veciñ@s

O Grupo municipal de Veciñ@s, ao abeiro do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e nos regulamentos que a desenvolven, presentamos ao Pleno da Corporación do Concello de Boqueixón a seguinte moción:

### 1.- ICIO.

O imposto sobre construcións, instalacións e obras e un forte mecanismo de recadación fiscal para aqueles concellos cunha proxección urbanística e económica interesante. Mais aparte desta pata recadatoria, este imposto debere conter nas ordenanzas reguladoras, bonificacións á cota que faga do concello un lugar atractivo para investir, facilitando o desenvolvemento económico e a xeración de novos empregos, tan importante en tempos como o actual.

Tendo en conta estas circunstancias, e tratándose de Boqueixón, situado a poucos quilómetros da capital de Galicia, e cunha iniciativa urbanística e empresarial máis ben cativa ao longo dos últimos anos, búscase con esta serie de bonificacións os incentivos económicos que fagan do concello un lugar atractivo para investir, que se facilite a xeración de postos de traballos, e que se favoreza o complexo agro-gandeiro e forestal, sector fortemente deprimido nos últimos anos onde á crise económica xeral dos últimos anos se engade unha forte crise estrutural e que ten unha importancia relevante no noso concello.

É por todo iso polo que se propón ao pleno da corporación unha serie de iniciativas fiscais todas elas contidas no artigo 103.2 da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que permitirán incentivos para a atracción de novos investimentos, para a xeración de emprego e para a maior defensa do sector agro-gandeiro e forestal.

### 1.- Modificar e engadir as bonificacións establecidas no artigo 9 da ordenanza:

#### Artigo 5: Bonificacións.

Ao amparo do disposto no artigo 103.2. da Lei Reguladora das facendas Locais, as construcións, instalacións ou obras que, previa solicitude do suxeito pasivo, se declaren de especial interese ou utilidade municipal, poderán gozar dunha bonificación na cota do imposto na porcentaxe que para cada caso se sinala no seguinte cadro:

Declaración de construcións, instalacións ou obras de especial interese ou utilidade municipal. Serán susceptibles de declararse de especial interese ou utilidade municipal, aos efectos do goce da bonificación a que se refire o parágrafo anterior, as construcións, instalacións ou obras que se detallan a continuación:

<b>Construcións, instalacións ou obras declaradas de especial interese ou utilidade municipal</b>	<b>Porcentaxe de bonificación</b>
Aquelas construcións instalacións ou obras que incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar	50%
Construcións, instalacións e obras referentes ás vivendas de protección oficial	50%
Construcións, instalacións e obras referentes ás actividades directamente relacionadas co sector primario ou coa transformación de produtos relacionados con explotacións agro-	50%

gandeiras e forestais de Boqueixón	
Construcións, instalacións e obras declaradas de especial interese público por concorrer circunstancias de fomento do emprego.	50% no caso de xustificarse a xeración de entre 2 e 30 novos empregos. 75% no caso de xustificarse a xeración de máis de 31 novos empregos.

## 2.- Modificar o artigo 7 relativo ao tipo de gravame e cota tributaria:

A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

- a) Tipo xeral: 2,5 %.
- b) Construcións, instalacións e obras en solo industrial: 2 %
- c) Promoción da primeira vivenda unifamiliar propia: 2%.

## 2.- IBI urbana

Nos últimos anos, os veciños de Boqueixón veñen soportando unhas subas en torno ao 10 % nos seus recibos do IBI urbano, motivado por un incremento dos valores catastrais.

Este ano, a este incremento do valor do 10%, súmase a computación en algún dos recibos, e por primeira vez, de establos e alpendres, irregularmente ao noso ver toda vez que a nosa Ordenanza do IBI establece no seu artigo 4.6 que non se considerarán construcións “*nin os cubertos ou alpendres de escasa entidade*”. Porén, visto o resumo do padrón do IBI do 2015 vemos que a recadación ten incrementado un 30% respecto ao 2014.

Tendo en conta que en termos de mercado as valoracións dos terreos mesmo teñen baixado nos últimos anos (pola contra os catastrais soben, e todo isto sen que teña existido unha ponencia de revalorización completa dende o ano 2002), consideramos esencial establecer unha reforma da norma do IBI dentro da escasa marxe que ten o Concello de Boqueixón.

Por outro lado, o pleno deste concello tomou por acordo unánime o pasado 25 de setembro a modificación do punto 4 desta ordenanza en relación ao chan urbanizable, atendendo á sentenza do Tribunal Supremo do pasado 30/05/2014, e de facer asemade a consulta de se pode tomarse o chan urbano non construído tamén como solo rústico, sen que se teña cambiado a redacción e sen que teñamos máis novas sobre este extremo.

É por iso que atendendo ás características específicas do Concello de Boqueixón, facemos a seguinte proposta para a modificación do IBI no ano 2016, ao fin de reducir a carga fiscal que os veciños de Boqueixón, e en especial reducir a carga fiscal do sector agro-gandeiro deste Concello:

- Modificar o punto 4 da ordenanza do IBI ao fin de respectar a sentenza do Tribunal Supremo do pasado 30/05/2014 en relación ao chan urbanizable que mentres non sexa desenvolvido, ha de considerarse rústico.
- Reducir o tipo tributario do 0,44% actual ao mínimo permitido na lei, 0,4%.
- Establecer unha bonificación especial de ata o 50% a todas aquelas zonas do Concello con características rurais.
- Excluir ou bonificar da base do IBI os establos independentes da súa dimensión, alpendres e cubertos na totalidade do concello, facendo unha revisión do padrón ao fin de ver se algún pequeno alpendre foi considerado rústico no presente exercicio.



### 3.- IVTM

O Concello de Boqueixón na súa sesión de 14 de setembro de 2011 modificou o IVTM, pasando o tipo impositivo do 1,1 ao 1,5, e incrementando máis dun 40% a base imponible deste imposto para case a totalidade dos vehículos tratados no padrón deste imposto.

Tendo en conta a realidade económica actual, así como os tipos aplicados nos concellos limítrofes ao noso concello, cunhas tarifas máis baixas que Boqueixón facemos a seguinte proposta:

- A redución ao 1,1 nos vehículos de menos de 15,99 cabalos fiscais.
- Incrementar ao 1,7 nos vehículos de máis de 15,99 cabalos fiscais.
- Exención daqueles vehículos e remolques directamente afectos a unha explotación agro-gandeira.

### 4.- Taxa de abastecemento da auga.

O Pleno da Corporación de Boqueixón aprobou cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do PSOE e BNG a modificación da taxa de abastecemento de auga e altas de abastecemento e saneamento no pleno do 9 de novembro de 2011.

No propio pleno, e tal e como se recolle en acta, fixera unha serie de consideracións para argumentar o voto en contra, tendo en conta que é política e socialmente non asumible e inxusto que na situación economicamente dificultosa pola que están a pasar moitos dos nosos veciños se suba dun xeito tan pronunciado a presión fiscal á totalidade dos veciños do concello sen ter en conta ningunha clase de bonificación atendendo á situación económica das familias, nin outros extremos.

Tamén no mesmo pleno, considerouse o voto contrario ao acordo, posto que existían, extremos da proposta que podían considerarse contrarios a dereito o que levou a unha impugnación desta taxa.

Concretamente esta taxa incrementara o 28% + IPC na taxa razoada en base a incrementos enerxéticos. Ademais hai que ter en conta que as distintas modificacións que se fixeron na práctica desta taxa, fixo que se alteraran substancialmente os pregos de condicións económico – administrativos que rexeron a contratación da concesión da explotación do servizo de abastecemento de auga potable do municipio de Boqueixón aprobado no pleno do 12 de maio de 2004, tal e como recolleron distintos informes dos servizos xurídicos da Deputación da Coruña e da secretaría deste concello.

Non é novo que o grupo municipal de Veciños tense manifestado en diversas ocasións, así o recolle o noso programa electoral, que somos partidarios de explotar este servizo de forma directa ao fin por un lado de poder reducir custos, e por outro ver a posibilidade de reducir a taxa de abastecemento de auga aos veciños, ao considerar que esta taxa é excesivamente cara despois do incremento de máis do 30% que se aprobara naquela sesión de 9 de novembro de 2011. E así que propomos:

- Recuperar para o concello a explotación do abastecemento de auga.
- Ver a posibilidade de reducir as taxas á situación anterior ao 9 de novembro de 2011, actualizadas no IPC anual.

## 5.- Taxas de altas de contrato do abastecemento e saneamento.

As ordenanzas de abastecemento de auga e saneamento, ademais de recoller acometidas, cotas fixas e variables, manteñen unha taxa de altas de contrato que ao noso entender non ten unha contraprestación directa.

Deste xeito, os veciños de Boqueixón que soliciten auga e/ou saneamento pagarán unha taxa administrativa sen contraprestación de 52,68 €vivienda por cada un dos servizos (105,37 € se é local comercial).

Visto que esta taxa é só polo feito de darse de alta, polo que tería ademais que pagar unha acometida segundo a realidade particular, vemos innecesaria esta taxa. É así que propomos:

- Eliminar a taxa de alta de contrato no abastecemento de auga así como no saneamento.

## 6.- Taxas do selo municipal

Tal e como expuxemos no último pleno ordinario que tivo lugar na corporación municipal, e reiterado nos últimos anos, en Boqueixón segue manténdose a taxa por selo municipal, taxa que non existen na maioría das institución públicas. É por iso que propomos:

- Eliminar a taxa do selo municipal.

## 7.- Taxas e prezos públicos deportivos e culturais

O Concello de Boqueixón vén prestando nos últimos anos diversos servizos deportivos e culturais, nos que se aprobaron taxas ou prezos públicos (neste último caso aprobadas en diversas Xuntas de Goberno), moitas veces tentando repartir os custos entre os diversos participantes nestas actividades.

O grupo municipal de Veciños ve necesario que todas as persoas poidan acceder a estas actividades, sen que o prezo non sexa un factor limitante para moitas familias. É por iso que atendendo a unha progresividade desta taxa, facemos unha proposta xenérica de pago destas taxas e/ou prezos públicos atendendo ao IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples).

- Establecer unha exención do 100% das taxas ou prezos públicos deportivos e culturais para as unidades familiares cunha renda inferior ao IPREM per cápita.
- Para o cómputo dos membros da unidade familiar non se terán en conta aquelas persoas cunha discapacidade superior ao 33% ou os valorados polos servizos sociais dentro da dependencia.

É por iso, que tendo en conta a exposición de motivos, sometemos ao pleno da corporación de Boqueixón, a adopción dos seguintes acordos:

1. En canto ao ICIO:
  - a. Engadir as bonificacións nas declaracións de especial interese ou utilidade municipal.
  - b. Establecer un tipo en construcións, instalacións e obras en solo industrial: 2 %
  - c. Establecer un tipo en promoción da primeira vivenda unifamiliar propia: 2%.
2. Modificar o IBI urbano no senso de:

- a. Modificar o punto 4 da ordenanza do IBI ao fin de respectar a sentenza do Tribunal Supremo do pasado 30/05/2014 en relación ao chan urbanizable que mentres non sexa desenvolvido, ha considerarse rústico.
  - b. Reducir o tipo tributario do 0,44% actual ao mínimo permitido na lei, 0,4%.
  - c. Establecer unha bonificación especial de ata o 50% a todas aquelas zonas do Concello con características rurais.
  - d. Excluir ou bonificar da base do IBI os establos independentes da súa dimensión, alpendres e cubertos na totalidade do concello, facendo unha revisión do padrón ao fin de ver se algún pequeno alpendre foi considerado rústico no presente exercicio.
3. Modificar o IVTM, no seguinte senso:
    - a. A redución ao 1,1 nos vehículos de menos de 15,99 cabalos fiscais.
    - b. Incrementar ao 1,7 nos vehículos de máis de 15,99 cabalos fiscais.
    - c. Exención daqueles vehículos e remolques directamente afectos a unha explotación agro-gandeira.
  4. En canto ao Abastecemento de Auga, propomos:
    - a. Recuperar para o concello a explotación do abastecemento de auga.
    - b. Ver a posibilidade de reducir as taxas á situación anterior ao 9 de novembro de 2011, actualizadas no IPC anual.
  5. Eliminar a taxa de alta de contrato no abastecemento de auga así como no saneamento.
  6. Eliminar a taxa do selo municipal.
  7. En canto ás taxas e prezos públicos por actividades deportivas e culturais:
    - a. Establecer unha exención do 100% das taxas ou prezos públicos deportivos e culturais para as unidades familiares cunha renda inferior ao IPREM per cápita.
    - b. Para o cómputo dos membros da unidade familiar non se terán en conta aquelas persoas cunha discapacidade superior ao 33% ou os valorados polos servizos sociais dentro da dependencia.

O señor Canabal defende a moción:

Veciñ@s presentou un paquete de iniciativas que afecta á modificación de 7 ordenanzas fiscais. De antemán temos que dicir que non se solicita unha baixa de impostos e taxas, senón unha reorganización das ordenanzas para facelas máis adaptadas á realidade do noso Concello.

Os obxectivos destas modificacións móvense sobre tres eixos básicos: Incrementar a progresividade, defensa dos sectores produtivos en especial do sector agro-gandeiro do concello e tentar paliar os incrementos anuais do IBI que sofren os veciños de Boqueixón.

Así pois, sobre esta idea central e sobre os obxectivos que acabamos de expresar consideramos moi necesario estas modificacións, que consideramos moi asumibles para o goberno municipal, pois téntase que estas sexan máis sociais. Os Veciños non poden soportar incrementos de máis do 10 % anual no IBI (este ano a recadación por IBI sube un 30% respecto a 2014), nin pagar unha taxa inxusta por abastecemento de auga froito da súa deficiente xestión, como acabamos de ver no punto segundo deste pleno.

Son pois unhas modificacións realistas e perfectamente asumibles para o concello, e que producirán os seus efectos na maioría da poboación de Boqueixón. Concretamos un pouco as medidas.

#### Modificación do IBI:

1. Reducir o tipo tributario do 0,44% actual ao mínimo permitido na lei, 0,4%.
2. Establecer unha bonificación especial de ata o 50% a todas aquelas zonas do Concello con características rurais.
3. Excluir ou bonificar da base do IBI os establos independentes da súa dimensión, alpendres e cubertos na totalidade do Concello.
4. Considerar como rústico o chan urbanizable mentres non sexa desenvolvido (sentenza do Tribunal Supremo do pasado 30/05/2014).

#### Modificación do ICIO:

1. Establecer unha serie de bonificacións neste imposto a empresas que xeren emprego.
2. Establecer un tipo reducido en construcións en solo industrial e naquelas promocións da primeira vivenda.

#### Modificación do IVTM:

1. A redución da taxa nos vehículos de menos de 15,99 cabalos fiscais, así como a exención daqueles vehículos afectos a unha explotación agrogandeira.

#### Modificación da taxa de abastecemento:

1. Recuperar para o concello a explotación do abastecemento de auga e ver a posibilidade de reducir as taxas á situación anterior ao 2012 (incrementáranse máis dun 30%).
2. Eliminar a taxa de alta de contrato no abastecemento de auga así como no saneamento.

#### Modificación dos prezos públicos por actividades deportivas e culturais:

- c. Establecer unha exención do 100% das taxas ou prezos públicos deportivos e culturais para as unidades familiares cunha Renda inferior ao IPREM per cápita.

#### Eliminar a taxa do selo municipal.

Con este grupo de medidas, pensamos que o sistema impositivo de Boqueixón sería máis progresivo, incentivaría a actividade económica, sería máis xusto, e incluso máis parello ao sistema dos concellos da contorna de Boqueixón.

En canto ao IBI, cos incrementos das bases impositibles froito das actualizacións de Catastro, o concello non perdería recadación, e os veciños non pagarían este incremento do 10%, que nos tempos que corren son incrementos moi importantes.

Un exemplo práctico, cun valor catastral de 100.000 €, teríamos un IBI de 440 €. O incremento para o vindeiro ano sería de 44 € (incremento do 10%). Porén, se aplicamos a redución na cota, o que teríamos para o vindeiro ano sería unha redución de 40 €, polo que o impacto final sería unha suba final do recibo de 4 euros e non dos 44 actuais.

Cremos pois que esta medida, xunto coa redución dos tipos do IVTM para os dous tramos máis baixos de cabalos fiscais dos vehículos sería perfectamente asumible por parte deste concello, e ademais non requiriría grandes tramitacións nas ordenanzas, sería tan só cambiar os tipos e chegaríamos a 1 de xaneiro de 2016, se realmente hai vontade política, de ter as dúas ordenanzas adaptadas. Non vemos ningún argumento razoable

para que non se leve a cabo estas modificacións, se ben podemos aceptar un estudo pormenorizado das outras propostas que facemos nesta proposta fiscal completa.

O señor Fernández Munín di o seguinte:

#### “ICIO:

O grupo de goberno municipal ve con bos ollos que ese grupo municipal se posicione a favor da baixada de tipos do ICIO, pois como ben saben todos vostedes é un dos obxectivos que se incluía no noso programa electoral “Estratexia Boqueixón 2020”.

Nos estamos a redactar unha ordenanza municipal do ICIO que se someterá a aprobación do pleno municipal que proximamente terá lugar, xunto cos orzamentos de 2016, e a nosa proposta vai a ir mais lonxe que a que aquí expoñen vostedes, tanto en redución de tipos como nas bonificacións aplicar.

#### IBI urbano

En canto ao IBI urbano, son vostedes un “verso solto” no contorno político no que se moven, pois nos concellos nos que desenvolven labores de goberno optan por tratar de subir os impostos, por exemplo en Santiago e Teo. Sen embargo en Boqueixón, como están na oposición queren baixalos, cando estamos mais baixos que os concellos de Vedra, Touro, Teo, Ames, Brión, Santiago....

É certo que se produciu no último ano unha revisión de valores catastrais en Boqueixón, e a incorporación ó padrón de moitos inmobles que non tributaban anteriormente ou non o facían correctamente (reformas e ampliacións en vivendas, piscinas, garaxes, almacéns, etc). Todos vimos como nos chegaron recibos de IBI urbana de catro anos atrás máis o do 2015. Isto supoñemos que se reflectirá o peche do exercicio, en que os ingresos por estes conceptos sexan superiores os presupostados inicialmente, pero neste intre non hai datos definitivos.

Vostedes presentan unha redución no tipo de IBI urbano sabendo que existen uns prazos de tramitación obrigatorios que imposibilitarían a súa aplicación no exercicio 2016. De aí que este grupo de goberno opte por facer un estudo da viabilidade da baixada do tipo de IBI urbana xa cos datos definitivos do 2015 e coa súa translación o 2016 para ir vendo como se verían afectados os orzamentos municipais polas reducións que acordemos, e así con marxe temporal suficiente aprobar as reducións de tipos a aplicar no exercicio 2017.

O de modificar o punto 4 da ordenanza do IBI ao fin de respectar a sentenza do tribunal Supremo do pasado 30/05/2014 en relación ao chan urbanizable que mentres non sexa desenvolvido, ha de considerarse rústico, consideramos que non e de urxencia incorporar esa modificación pois xa se está a cumprir con esa sentenza en todos os bens inmobles afectados pola mesma.

Así mesmo tomamos en consideración a incorporación das bonificacións especiais que vostedes solicitan na súa moción no intre de redactar a nova ordenanza do IBI.

#### IVTM

O caso deste imposto e bastante similar o anterior, pois en canto a tramitación de calquera modificación non sería de aplicación ate o exercicio 2017. Convén facer o

imprescindible estudo de viabilidade e de cómo vai a afectar os orzamentos municipais. Nos sabemos que estamos a pagar por encima do que pagan os veciños dos concellos lindeiros con Boqueixón, pois Vedra, Touro, O Pino, Teo, menos Santiago, todos teñen un IVTM mais baixo que Boqueixón. De aí que vexamos máis adecuado, de ser posible orzamentariamente, a baixada deste imposto antes que o IBI.

#### Taxa de abastecemento da auga e taxas de altas de contrato do abastecemento e saneamento.

Neste asunto temos que dicir o seguinte, hoxe neste mesmo Pleno acordamos asumir a xestión do servizo de abastecemento de auga, e como os datos económicos da explotación do mesmo dependen de moitas variables (custe da enerxía, posibles avarías, substitución de bombas, equipos de depuración, etc). Non cremos conveniente reducir ou eliminar taxas de enganche ou de alta de contrato mentres non levemos un tempo suficiente de experiencia no servizo por si logo as contas non dan.

#### Taxa do selo municipal

No Pleno municipal que proximamente terá lugar xunto cos orzamentos de 2016, presentaremos a nosa proposta de redución ou eliminación, según os casos, da taxa do selo municipal.

#### Taxas e prezos públicos deportivas e culturais

O goberno municipal xa puxo a disposición dos servizos sociais municipais unha partida de 3.000 euros para distribuír entre as familias que o necesitasen, para adquisición de material escolar, roupa, etc. Neste asunto poñeremos nas mans dos servizos sociais municipais o desenvolvemento dunha norma para ter en conta a súa proposta e presentala a aprobación do pleno para súa aplicación no 2016.

Por todo isto e resumindo, o grupo municipal do Partido Popular de Boqueixón vai a votar en contra da súa proposta, aínda que algunha das súas achegas vaian a ser tidas moi en consideración o longo de 2016 para o desenvolvemento das novas ordenanzas.

O Sr. alcalde di que son varias propostas polo que se require facer un análise e como a maioría non daría tempo para aplicar no 2016, farase ao longo deste ano para a súa aplicación no 2017. Sen embargo, a do ICIO e documentos administrativos posto que non se devengan a 1 de xaneiro, si se procederá coa modificación que corresponda, posiblemente nunha próxima sesión plenaria.

Cos votos a favor da agrupación Veciñ@s de Boqueixón e en contra do PP, rexeitase a moción número 15/2116

### **8. Información da alcaldía**

Danse conta dos decretos habidos desde o 08/09/2015 ata o 06/11/2015, dos cales se dan por informados.

## 9. Rogos e Preguntas

Faise entrega das respostas ás preguntas formuladas na anterior sesión plenaria:

### RESPOSTAS DA ALCALDÍA

*A(En contestación ás preguntas formuladas pola concelleira Soutullo Carolo no Pleno ordinario de 9 de setembro de 2015)*

#### 1. Referente á violencia de xénero: ¿Qué campañas de información, sensibilización e prevención se están levando a cabo desde o CIM neste ámbito?

Por segundo ano consecutivo, o CIM está a desenvolver un programa de prevención de violencia de xénero en adolescentes, dirixido aos 19 mozos e mozas que compoñen o 4º curso da ESO do C.P.I Antonio Orza Couto.

O obxectivo do programa é informar, sensibilizar e previr en materia de violencia nos adolescentes. a través dunha serie de actividades que se desenvolven en 5 sesións de 50 minutos cada unha.

Por outra banda, o vindeiro 21 de novembro, desenvolverase un curso monográfico de Defensa persoal feminina, unha formación que ten a finalidade de proporcionar ferramentas básicas para afrontar unha situación de agresión.

Nas vindeiras semanas, e con motivo do 25 de novembro, día Internacional contra a violencia de xénero, poñerase en marcha unha campaña de sensibilización que levará por nome “as mans para loitar non para ferir, a fala para acariñar non para anular”, co obxectivo de concienciar á poboación e de implicala nesta loita.

Así mesmo faranse talleres coa poboación infantil que asiste ás actividades de conciliación: contacontos pola igualdade e participación na campaña de sensibilización.

#### ¿Poderán contactar os servizos sociais municipais coas persoas afectadas para ofertarlles o apoio necesario?

Entre os departamentos de servizos sociais e o CIM existe total colaboración e coordinación en canto á mulleres en situación de vulnerabilidade que precisen apoio.

Una vez que se ten coñecemento desas situacións mantéñense os contactos oportunos para levar a cabo a intervención necesaria.

#### 2. Sobre a aplicación CITY4Boqueixón

##### ¿Cantas e qué incidencias se resolven dende a posta en funcionamento de aplicación?

##### ¿Está plenamente operativa a día de hoxe? ¿É eficaz e eficiente?

Desde a posta en funcionamento da aplicación recibíronse aproximadamente 191 incidencias, das cales o 80 % son de alumeado público e o restante sobre mobiliario urbano, abandono de animais...

Esta aplicación, operativa actualmente serve para potenciar a interacción entre os veciños e a Administración local, ao facilitarlle á poboación unha nova canle de comunicación co Goberno municipal. Todas as persoas que dispoñan dun dispositivo

Android xa poden descargarse de balde a aplicación e notificarlle directamente ao concello calquera incidencia, colaborando así nunha máis áxil solución.

Ademais de recibir as notificacións por parte dos veciños, City4boqueixón permítelles aos responsables locais facer un seguimento constante da xestión das incidencias detectadas nos servizos e espazos municipais, como auga, rede de sumidoiros, mobiliario urbano ou espazos verdes, entre outros.

Ademais estamos pensando en facer campañas informativas desta aplicación nas diferentes parroquias do concello.

*B) (En contestación ás preguntas formuladas polo concelleiro Barcala Mosquera no Pleno ordinario de 9 de setembro de 2015)*

¿Cómo está o tema das deficiencias na obra de saneamento de Loureda?. O 4 de marzo de 2015 o alcalde de Boqueixón e o representante da Administración Hidráulica, señores Sanjuás Mera e Juan Ignacio Niño Taboada respectivamente, asinaron a acta de recepción desta obra pese ás numerosas deficiencias, sendo a empresa adjudicataria desta obra Viaqua, por designación do presidente de Augas de Galicia?

Xa preguntamos e manifestamos as nosas queixas noutra ocasión sobre isto, pero seguimos sen resposta.

A data actual a depuradora de Loureda , que funciona correctamente con 13 enganches dos 42 que pode chegar a ter, non tivo nin ten ningún tipo de deficiencia.

No seu momento observouse que para baixar ó humidal precisábase dun pasamáns. Xa está colocado.

## **ROGOS E PREGUNTAS:**

### Rogos presentados por Maricarmen Soutullo

Imos facer un recordatorio de asuntos que xa veñen de vello, a ver se lles topamos solución.

#### 1.- Sobre a extinta Fonte do Santo no Pico Sacro .

Queremos recordarlles que con fecha 18 de abril do 2013 a Asociación de Veciños de Lestedo fixo unha petición a este concello para a recuperación da Fonte do Santo sita no Pico Sacro. A mesma petición foi feita pola Asociación cultural Mestre Manuel Gacio.

O 3 de maio do 2013 o concelleiro da corporación Xabier Canabal Fernández presentou o Pleno de esta corporación unha moción na que sometía a Pleno os seguintes acordos :

1. Apoio das iniciativas da Asociación de Veciños de Lestedo e da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio para a recuperación da auga e da extinta Fonte do Santo para uso e gozo dos roteiros e cidadáns en xeral .
2. A recuperación das pedras orixinais da fonte .

Como vemos que de isto xa van ala máis de dous anos, rogamos se inste a rápida recuperación desta fonte.

Que o interese que este alcalde nos di mostrar polo noso patrimonio sexa real e non tan só fachada.

Que se inicien os trámites para demoler a obra inconclusa que está preto do cumio.



2 - Sobre un vertedoiro incontrolado no lugar da Areosa - Sergude - Boqueixón , na finca con referencia catastral 3026427NH4432NOO1MF.

Con data 18 de decembro do 2013 o concelleiro Xabier Canabal Fernández presentou unha denuncia ante a policía autonómica, para a súa limpeza e retirada duns contedores portadores de lodos. Aportábanse á denuncia fotos e plano da zona.

A data de hoxe, 11 de novembro 2015, os contedores foron retirados, pero o vertedoiro aumentou en cantidade e lonxitude .

Di o señor alcalde que a parcela é de Facenda do Estado.

Rogamos a rápida limpeza de este vertedoiro incontrolado pola contaminación e perigo que este supón e polo seu impacto medioambiental .

3.- Sobre as axudas de emerxencia social

Na Xunta de Goberno Local de 21/11/2013 , apróbanse os criterios básicos para a concesión de prestacións económicas para situacións de emerxencia.

Ao ser unha relación de criterios aprobados e Xunta de Goberno Local consideramos que aparte de ser uns criterios moi básicos, estes non contan coa suficiente publicidade que podería ter se fora en xeito de ordenanza.

É por iso que rogamus que se redacte unha ordenanza de axudas de emerxencia cos criterios establecidos polos colexios profesionais de traballadores sociais, ao fin de poder darlle toda a publicidade posible para que a xente de este concello saiba perfectamente cales son os criterios para acollerse a estas axudas .

Di o señor alcalde que se vai facer de acordo coa traballadora social.

Segue dicindo o señor alcalde que se intentará facer unha ordenanza social e tamén procurárase fomentar as axudas sociais en forma de postos de traballo social.

O señor Canabal di que se debería ter un protocolo da accións e responde o señor alcalde que ante calquera dúbida ou problema deben chamar á traballadora social para valorar os casos que se presenten.

4. - Referente o alumeadado público na escola unitaria de Camporrapado

Rogamos a colocación dun farol na entrada de dita escola. Xa temos alí un poste, polo que só teríamos que engadirlle o farol.

É moi doado e alí fai máis falla que nalgunhas eiras .

5.- Referente a calefacción na Escola Unitaria de Camporrapado .

Rogamos que se incremente o número de acumuladores de calor en dita escola xa que os nenos están a pasar frío .

Di o señor alcalde que estase redactando un proxecto no que se recollan os análises correspondentes, para o cal estase consultando co profesorado, e así poden resolver moitas deficiencias.

#### 6.- Referente os parques infantís.

Rogamos que se cumpra coa normativa vixente neste senso, entre outros apartados, sinala como necesario contar cun pavimento específico que mitigue os impactos; vai contra a normativa actual a existencia de un solo de area ou herba.

Ademais o entorno ten que ser seguro e accesible.

Hai algún exemplo do estado lamentable destes parques como pode ser o da escola unitaria de Lestedo.

Di o señor alcalde que non hai perigo, pero aínda así comprobarase.

#### 7.- Referente o decreto de utilización das deseccións gandeiras no sector agrario de Galicia.

Rogamos que se cumpra e faga cumprir dito decreto .

Di o señor alcalde que se comprobará se é competencia municipal.

#### 8.- Referente a limpeza de cunetas .

Rogamos que se faga unha limpeza das mesmas, sobre todo, nas zonas próximas as vivendas, antes de que comecen as chuvias do inverno .

Di o señor alcalde que se está estudando a forma para proceder coa contratación.

No 2016 estarán contratados e procederase coas limpezaas.

#### 9.- En canto á limpeza dos locais, segue habendo deficiencias.

Rogo se amplíe este servizo

Di o señor alcalde que el mesmo está sobre este tema e ampliouse o servizo con 3,7 horas/día máis en primaria e infantil, aínda que é posible que se necesite máis. Fixen visitas ós colexios e solicitei aos equipos directivos que me trasladasen as queixas que poidan existir.

#### Preguntas expostas pola Concelleira Maricarmen Soutullo

##### 1.- Referente ao local de veciños

No primeiro Pleno de esta lexislatura (8 de xullo) o Grupo Veciños de Boqueixón solicitou un local nas dependencias municipais . O Sr alcalde díxonos que o miraría.

No segundo Pleno (9 de setembro) volvemos preguntar , por ver se xa se pensara cál era o local asignado o noso Grupo.

Volveu o Sr alcalde a respondernos que aínda non, pero que estaba ne lo .

Supoñemos que a data de hoxe, 11 de novembro , o Sr alcalde xa saberá cal é o local que se nos asinou .

Non nos obriguem a tomar medidas para acadar o que por dereito nos pertence .

O noso Grupo, cos votos dos veciños de Boqueixón, obtivo tres concelleiros e tamén nos formamos parte da corporación deste concello.

Responde o señor alcalde que no concello non existe espazo pero que indiquen que local desexan, entre os locais sociais.

## 2.- Referente o acceso a escola unitaria de Camporrapado .

Teño que volver a referirme os dous primeiros Plenos de esta lexislatura.

No primeiro pleno o grupo de Veciños de Boqueixón presentou unha moción sobre accesibilidade en beirarrúas e mellora de espazos públicos. Entre outras cousas pedíase ampliar o oco no muro da escola unitaria de Camporrapado e á colocación dunha nova porta. Quede claro tamén que o grupo de Veciñ@s en ningún momento solicitou que se tirara o muro, senón que se abriera un oco máis grandes posto que as nais e pais non daban pasado cun paraugas aberto.

Esta moción aprobouse por unanimidade , incluso o Sr. Sanjuás nos dixo que lle parecía absurdo traer esta cuestión ó Pleno.

No segundo pleno preguntamos se esta obra estaba realizada e respondeunos o Sr alcalde que a obra estaba feita.

Veciños de Boqueixón pregúntase ¿cal é o motivo para que o Sr alcalde nos minta?

Xa que a esa data non se fixera obra algunha e a día de hoxe fíxose unha autentica chapuza.

Ao mellor é que non se entende o concepto anchar e colocar unha nova porta para que o acceso sexa doado .

A este Alcalde écheselle a boca falando de humanización do concello, pois a iso nos referimos a humanizar un espazo público.

Responde o señor alcalde que el non lle mentiu. Que lle dixeron que a obra estaba executada e que agora xa está redactado un proxecto de “acondicionamento do contorno”.

## 3 - Referente a un dos nosos emblemas, o Pico Sacro.

O día 18 de Outubro tivo lugar no local social de Ledesma unha charla, organizada polo Concello, sobre o noso patrimonio.

O profesor Manuel Lobato falounos sobre a importancia do Pico Sacro como referente do noso Concello.Estamos de acordo.

Pero por iso nos preguntamos :

-Por qué non se cuida o Pico e o seu entorno?

-Por qué se deixa que os quads estropen os sendeiros?

-Por qué non se poñen en valor os nosos sinais de identidade?

-Por qué non se fomenta o turismo a través do noso patrimonio?

“Boqueixón, a paisaxe”. Fagan real aquel eslogan que vostedes tiñan .

Responde o señor alcalde que están traballando neste tema e xa se lles presentará unha proposta.

#### 4.- Referente a conciliación

-Qué medidas se están a tomar dende o noso concello para facer posible a conciliación da vida laboral e familiar?

Vostede nos dirá, porque nós pensamos que ningunha.

Non existe o programa madrugadores; as ociotecas só abren un día a semana e tan so nos locais de Lestedo (mércores), Camporrapado (venres) e O Forte (venres) e a biblioteca, onde os rapaces poderían facer as tarefas escolares e aficciónase a lectura non abre polas tardes.

Sería necesario habilitar locais (biblioteca , escola , ociotecas , ... ) onde os rapaces que o quixeran ou o precisaran puidesen realizar diferentes actividades , cun horario de 17.00 h. a 20.00 h. para facilitar a conciliación.

Responde o señor alcalde que non hai demanda, que non lle consta o número mínimo de familias que o requira e que na seguinte xanela darán publicidade do servizo.

#### 5 - Referente as masas comúns

-Existe un rexistro municipal de masas comúns?

-De cantas dispón o noso concello?

-Qué usos teñen na actualidade ditas masas?

Responde o señor alcalde que non hai rexistro de masas comúns no concello.

#### 6.- En canto á biblioteca municipal ¿Por qué non abre polas tardes?

Responde o señor alcalde que hai tempo fíxose con persoal de “Labora” e realmente non acudían moitos usuarios, pero estudarémolo para ver se procede.

#### Preguntas formuladas polo Concelleiro Perfecto Barcala

##### 1.- En canto ao Alumeado Público

O Concello de Boqueixón ten un convenio asinado coa Axencia Enerxética da Provincia para a revisión do estado da facturación eléctrica do Concello (Febreiro 2014).

-Qué resultados se acadaron?

-Neste punto dicir que se remitiron as facturas de 2013 e unha vez estudadas pola FAEPAC remitíronse a FENOSA e CHC enerxía as reclamacións elaboradas pola FAEPAC. De momento non hai acordos coas eléctricas en canto a todas as reclamacións polo que aínda seguimos reclamando.

-Por qué en certos lugares alumean todas os farois, noutras unhas si e outras non (intercaladas)?

Neste punto responde o señor alcalde que non teñen coñecemento desto

##### 2.- Sobre Internet.

Por qué rexeitou o grupo do PP no Parlamento de Galicia unha moción a favor do Plan Dixital 2020, proposta polo grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, de vital importancia e necesidade para o desenvolvemento do noso concello?

Responde o señor alcalde que se rexeitou porque non se axustaba á realidade.

### 3.- Sobre a numeración das casas

-É un auténtico caos para os carteiros, e cando hai substitucións dos carteiros titulares prodúcense verdadeiros lios de entregas equivocadas.

-Cando se pensa atallar este problema que é xa endémico?

### 4.- Sobre a identificación do parque móbil do Concello

Dende hai varios anos veño solicitando que se rotulen os vehículos do Concello. Sempre se di que se vai facer, mais nunca se acaba facendo, mentindo pleno tras pleno o alcalde de turno.

-¿Qué pasou e por qué non se fai?

Responde o señor alcalde que nesta semana sen falta. Que mañá mesmo( xoves) llo comunicará ao traballador municipal, señor Corral.

### 5.- ¿Qué ocorre co programa City que non está en funcionamento?

Responde o señor alcalde que a aplicación si que funciona. O que non hai é o contrato de mantemento.

### 6.- ¿Qué sucede cos verquidos da depuradora ao río Telleira?

Responde o señor alcalde que deberase facer un informe por parte de Augas de Galicia. Na de Sergude, parece ser que todo o que chega á depuradora é auga. Tiven unha xuntanza co director de Augas de Galicia para ver todo o sistema e facer propostas de melloras.

Posiblemente haxa que conectar outro sistema, como podería ser conectar ese punto coa outra depuradora de Sergude e ampliar, neste caso, a rede.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace  
O alcalde